

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 25 de maio de 2016, aprobou, con carácter inicial, modificar o artigo 12 punto 2 e o Anexo III da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, así como incorporar un novo anexo ao texto da ordenanza, denominado Anexo IX “Modelo de autorización catastral”.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ábrese un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes.

No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobada a modificación desta ordenanza, publicándose integramente no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da citada lei.

Cambre, 31 de maio de 2016

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2016/4571